

**EDLG DO
CEIP
RECIMIL**

RECINOVA

**UN CURSO MÁIS CHEGA A CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ, E ESTE ANO QUEREMOS
PRESENTARVOS A...**

Leymah Roberta Gbowee

Leymah Roberta Gbowee, nada no 1972 en Liberia, é unha activista africana pola paz responsable do movemento que trouxo o fin da segunda guerra civil no seu país no 2003.

Dende nena estivo rodeada de conflitos bélicos e iso impulsou os seus desexos para cambiar a sociedade.

No ano 2002 creou a Acción Masiva pola Paz das Mulleres de Liberia que organizou mulleres cristiás e musulmanas para levar a cabo protestas pacíficas pola non violencia.

Liderou, ademais, a elección de Ellen Johnson como presidenta, convertendo Liberia na primeira nación africana en ter unha muller neste cargo.

Por todo isto, as mulleres chegaron a ser unha forza política contra a violencia e o goberno, liderando con éxito a petición da paz noutros estados africanos.

Entre outros galardóns que foi recibindo ao longo da súa traxectoria, no ano 2011 entregóuselle o Nobel da Paz xunto con outras dúas mulleres liberianas: a presidenta



Ellen Johnson e a activista Tawakkul Karman. Todas elas seguen loitando pola construción dunha sociedade pacífica.

“Todos temos a capacidade para transformar o mundo. Facédeo, non esperedes a que ninguén o faga por vós”. Leymah Gbowee.

